

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA CUANTITATIVA

Guía Docente da materia

ECONOMETRÍA

4º Curso da Licenciatura de ADE

Profesoras. Isabel Neira Gómez

Pilar Expósito Díaz

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome: Econometría (Código 961404)

Tipo de materia: troncal

Ciclo: 2º ciclo (4º curso)

Nº de créditos: 9 (teóricos=6; prácticos=3)

Anual

PRERREQUISITOS:

ESENCIAIS:

Os alumnos que se dispoñen a cursar esta materia deben ter coñecementos básicos de Modelo clásico, estimación, contrastes e predición, polo tanto deberías ter cursado a materia Introducción a Econometría, da Diplomatura de Empresariais.

RECOMENDABLES:

O ser una materia troncal de 4º curso e dado que é necesario ter superada a Diplomatura para ser cursada, é recomendable que o alumno teña coñecementos básicos de:

- Matemáticas
- Estadística
- Teoría Económica
- Manexo de programas informáticos

PROFESORAS:


	IDIOMAS	DESPACHO	HORARIOS
Isabel Neira Gómez	Galego		M (12-16)
Pilar Expósito Díaz	Galego		

TITORÍAS:

- Consultas a través da WEB virtual da materia
- Titorías concertadas para os grupos de prácticas a través da WEB virtual e o email.
- Tfno ext: 11547/24409 Email: ineira@usc.es piliexpo@lugo.usc.es

2. SENTIDO DA MATERIA NO PERFIL DA TITULACIÓN

A materia pertence o bloque formativo de economía cuantitativa e polo tanto, conxuntamente coas materias de matemáticas, de estatística e outras de nivel superior de econometría teñen como función dotar os futuros profesionais dunha importante formación nos aspectos cuantitativos no eido das decisións empresariais.



A materia sitúase nun punto intermedio do bloque formativo, de modo que o alumno que decida non especializarse en aspectos cuantitativos remata aquí a súa formación neste ámbito, existindo por outra banda a posibilidade de continuar con esta formación de modo opcional en cursos superiores. E por iso que se afianzan os conceptos básicos e se introducen novos conceptos dun xeito resumido, para que o alumno dispoña dunha formación ampla e consolidada que poda desenvolver no futuro.

O atractivo desta materia concrétase, e ser unha materia instrumental que permite cursar materias de econometría de cursos superiores, tanto da Licenciatura como de especialización. Ademais faculta o futuro Licenciado en ADE para construír e interpretar modelos econométricos de dificultade media, e polo tanto, introduce ó estudante dunha técnica de análise cuantitativa de moita relevancia.

As técnicas estudadas son de especial relevancia para os estudos de Comercialización e Finanzas, polo que constitúen unha base fundamental para alumnos interesados en este tipo de especialización.

En tódolos planos de estudos das principais universidades europeas figura o contido desta materia incluído baixo o título *Econometrics*. Nos principais manuais da materia (en inglés) pódense observar as tendencias de estudo actuais. A materia forma parte dos máis prestixiosos master a nivel europeo e americano, no ámbito da predición financeira e nos estudos de mercado.

A modo de exemplo pódense citar as seguintes:

Na *London School of Economics* (<http://www.lse.ac.uk>), para a obtención do *MSc. Finance and Economics*, que ten como obxectivo a preparación para exercer nos sectores financeiros e bancarios así como en empresas de consultoría, a econometría para finanzas é unha das tres materias obrigatorias.

Na *University of Southampton* (<http://www.sosci.soton.ac.uk>) para a obtención do *BSc Economics and Finance* as materias *Introduction to Econometrics* e *Methods of Econometrics* son obrigatorias no segundo ano. Para a obtención do *MSc Finance and Economics*, a materia *Financial Econometrics* é optativa no segundo semestre.

Nas universidades francesas os contidos correspondentes a esta materia atópanse ou ben no terceiro ano de *Licence* ou no primeiro ano de *Master*. Así, na *Université Paris I Pantheon-Sorbonne* (www.univ-paris1.fr/) impártese no quinto semestre da *Licence de Economie et Gestion-Mention: Économétrie* a materia *Statistiques et économétrie*. Na *Université Clermont-Ferrand* (<http://www-ecogestion.u-clermont1.fr>) impártese no *Master I-Mention Sciences et métiers de la gestion* a materia *Économétrie*.

2. OBXETIVOS DA MATERIA

ESPECÍFICOS DA MATERIA

- . Coñecer as técnicas econométricas comunmente empregadas no eido empresarial. Obxectivo que se pretende lograr a través do estudio dos temas do programa.
- . Ser capaz de interpretar os resultados dun análise empírico efectuado a través de técnicas cuantitativas. Dotar ó alumno da autonomía necesaria para realizar unha aplicación econométrica de dificultade media Para levalo a cabo o alumno realizará e interpretará unha práctica dende a recollida de datos ata os contrastes finais.
- . Lograr o dominio desta ferramentas informáticas aplicadas a estimación de modelos econométricos. Obxectivo que se trata de lograr a través das prácticas.

XERAIS DA MATERIA

- . Fomentar o emprego de novas tecnoloxías e a utilización de bases de datos cuantitativas para a realización de prácticas sobre temas reais de economía e empresa. Método de traballo: a través dos exercicios da web virtual.

OBXETIVOS ADICIONAIS

- . Capacitar ó alumno para o traballo en equipo.
- . Asumir a dificultade de resolver problemas concretos e que eses problemas poden abordarse desde ópticas distintas e con instrumentos diversos. Facer comprender ó alumno que os temas son unha simplificación da realidade que debe de adaptar os coñecementos adquiridos na materia.
- . Fomentar a auto- motivación: o alumno decide o seu traballo en función do nivel de cualificación que espera alcanzar

3. CONTIDOS DA MATERIA

BASE LEGAL E DESCRITORES:

Modelo de regresión múltiple: validez das estimacións e formulación dinámica. Modelo de ecuacións simultáneas

CRITERIOS SEGUIDOS PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA:

- As lóxicas limitacións impostas polo propio plano de estudio en canto a créditos e contidos.
- Os obxectivos marcados.
- O programa vai destinado a alumnos con unhas características determinadas e, por tanto, selecciónanse aqueles temas centrais que poden contribuír mellor a súa formación.
- O programa debe manter coherencia interna, de modo que os coñecementos débense introducir de maneira progresiva, o cal permite que as análises a realizar se asenten sobre os fundamentos básicos establecidos previamente.

E necesario coidar de maneira especial as referencias bibliográficas; non facer moitas e as que se fagan deben ser moi concretas e por temas ou cuestións específicas.

CATEGORÍAS DOS CONTIDOS

I Incumprimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

O gráfico anterior indica que o programa da materia ten nove temas divididos en dous bloques . Os cadrados pequenos (que corresponden os temas 1º , 2º e 9º) indican que ditos temas son necesarios, pero son abordados máis superficialmente. Os cadrados máis grandes (que corresponden os temas 3º -8º) indican que estes tres temas non esenciais no programa.

TEMA 1: INTRODUCCIÓN: ANÁLISIS DAS HIPÓTESIS DO MODELO CLÁSICO, OUTROS MODELOS E APLICACIONES DA ECONOMETRÍA.

TEMA 2: O MODELO DE REGRESION LINEAL XERALIZADO.

TEMA 3: AUTOCORRELACION.

TEMA 4: HETEROCEDASTICIDADE.

TEMA 5: MULTICOLINEALIDADE E SELECCIÓN DE REGRESORES


TEMA 6: VARIABLES FICTICIAS E CONTRASTES DE ESTABILIDADE

TEMA 7: MODELOS DINÁMICOS E MODELOS ARIMA

TEMA 8: OUTROS MODELOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

TEMA 9: TEMAS DE ECONOMETRÍA APLICADA: INTRODUCCIÓN

TEMA 1: INTRODUCCIÓN: ANÁLISIS DAS HIPÓTESES DO MODELO CLÁSICO, OUTROS MODELOS E APLICACIONES DA ECONOMETRÍA



Este é un tema introdutorio e, como tal, pretende aportar ó alumno a primeira idea e aproximación á disciplina neste curso. Trátanse dun xeito moi simplificado as principais hipóteses do modelo clásico que poden incumprirse e os problemas que isto representa.

O apartado 1.1 Hipóteses referidas á perturbación trátanse máis detalladamente nos temas 2, 3 e 4, a través do modelo xeneralizado, e os casos particulares de autocorrelación e heterocedasticidade. O apartado 1.2 dará lugar ó tema 5 de multicolinealidade, con estas hipóteses cóbreñense os principais incumprimentos do modelo clásico que darán lugar ó primeiro bloque formativo da materia. Os apartados 1.3 e 1.4 desenrólase no tema 8 e por último o 1.5 aínda que ten un tema específico (tema 9) trátase de modo práctico ó longo de todo o curso.

EPÍGRAFES:

TEMA 1: INTRODUCCIÓN: ANÁLISIS DAS HIPÓTESES DO MODELO
MODELOS E APLICACIONES DA ECONOMETRÍA.

CLÁSICO, OUTROS

- 1.1. Hipóteses relativas a perturbación.
- 1.2. Hipóteses relativas aos regresores e aos parámetros.
- 1.3. Hipóteses relativas a relación funcional.
- 1.4. Modelos multiecuacionais e outros.
- 1.5. Principais campos de aplicación da Econometría.

MATERIAIS:

. As explicacións que o profesor ofrece na clase

A guía de Modelo Clásico colgada na web virtual da materia

Capítulo 1 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Por tratarse de un tema no que se presenta o programa da materia é interesante que o alumno teña claro un esquema dos contidos a abordar no mesmo. Este esquema resultará de suma utilidade ó longo do curso cando estudemos de forma separada e aplicada os temas tratados.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

O tratarse de un tema teórico e introdutorio, o alumno presenta dificultade na comprensión dos obxectivos que se pretenden lograr coas hipóteses presentadas.

BIBLIOGRAFÍA:

Guisán, M.C. (1997): *Econometría*. Ed.McGraw-Hill. Madrid

TEMA 2: O MODELO DE REGRESION LINEAL XERALIZADO.

I Incumprimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

Este é un tema introdutorio e básico para a análise dos temas 3 e 4. A súa importancia radica na correcta comprensión do modelo xeneralizado e as fases que deben levarse a cabo na estimación dun modelo. O igual que no tema 1, dispor de conceptos claros sobre os obxectivos dun modelo econométrico a través da correcta comprensión teórica do tema, permitirá ó alumno dispor das ferramentas axeitadas para axudar a levar con éxito a materia. Os dous primeiros temas, son de comprensión da materia, necesarios para poder entender tanto o primeiro como o segundo cuatrimestre. Trátase de conceptos teóricos dos que é necesario ter unha idea clara é estruturada, pero non son a base do cuatrimestre

TEMA 2: O MODELO DE REGRESION LINEAL XERALIZADO.

- 2.1.- Hipóteses do modelo.
- 2.2.- Estimación Mínimocuadrática Xeneralizada. Propiedades dos estimadores.
- 2.3.- O método da matriz de transformación.
- 2.4.- Estimación por intervalo, contrastes de hipóteses e predición óptima no M.X.

MATERIAIS:

As explicacións que o profesor ofrece na clase

A guía de Modelo Xeneralizado colgada na web virtual da materia

Capítulo 2-3, e 4 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Preparar un esquema na liña dos epígrafes do programa, desenrolando o significado de cada un deles. O acabar o tema 1 e 2 esixirase un control virtual dos temas, puntuable para a parte de avaliación continua que inclúe a web virtual.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

O tratarse dun tema teórico o alumno tende a memorizar sin comprender as fases do modelo, imprescindibles para a súa aplicación nos seguintes temas.

BIBLIOGRAFÍA:

Capítulo 8 de Johnston, J. (1989): Métodos de Econometría. Ed. Vicens-Vives.

Capítulo 5 de Novales, A. (1993): Econometría. Madrid: McGraw-Hill.

APLICACIONES

Carrascal, U. (2001) *Análisis econométrico con Eviews*. Madrid: Ra-Ma.

TEMA 3: AUTOCORRELACION.

I Incumplimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2		4	5	6	7	8	9

Neste tema presentase un dos incumprimentos máis habituais do modelo clásico, o referido a incorrelación nos termos de perturbación. Constitúe xunto co seguinte, a base da programación do primeiro cuadrimestre. O largo do tema empregaremos os conceptos clarificados nos temas 1 e 2 para poder poñelos na práctica, obxectivo último do tema.

TEMA 3: AUTOCORRELACION.

- 3.1.- Problema. Causas e consecuencias.
- 3.2.- Autocorrelación de primeiro orden.
- 3.3.- Métodos para detectar a autocorrelación.
- 3.4.- Estimación dun modelo con autocorrelación de primeiro orden.
- 3.5.- Predición no caso de autocorrelación

MATERIAIS:

As explicacións que o profesor ofrece na clase

Capítulo 4 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

Pulido, A. (1993): *Modelos econométricos*. Ed. Pirámide. Madrid

MÉTODO DE TRABAJO ACONSELLADO:

Traballar as prácticas de ordenador para clarificar os conceptos teóricos presentados que vamos a contrastar. Os alumnos deberán entregar unha práctica comentada, a modo dos exemplos presentados polo profesor.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

Falta de relación da teoría coa práctica e falta de claridade nos pasos a seguir a hora de enfocar e resolver o problema. Para superar esta dificultade é necesario ter claros os conceptos teóricos dos dous primeiros temas e relacionalos cos problemas presentados nas prácticas.

BIBLIOGRAFÍA:

Capítulo 7 de Novales, A. (1993): *Econometría*. Madrid: McGraw-Hill.

PARTE APLICADA

Alegre, j.; Arcarons, j.; Bolance, c.; Díaz, I. (1995): *Ejercicios y problemas de Econometría*. Barcelona: AC.

Pena, B.; Estavillo, J.; Galindo, M.E., Leceta, M.J. Zamora, M (1999) *Cien ejercicios de Econometría*. Madrid: Pirámide

TEMA 4: HETEROCEDASTICIDADE

I Incumprimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

Neste tema preséntase o segundo dos incumprimentos máis habituais do modelo clásico, o referido a diferente dispersión nos termos de perturbación. Constitúe xunto co anterior, a base da programación do primeiro cuadrimestre. O longo do tema empregaremos os conceptos clarificados nos temas 1 e 2 para poder poñelos na práctica, obxectivo último do tema.

TEMA 4: HETEROCEDASTICIDADE.

- 4.1.- Problema. Causas e consecuencias.
- 4.2.- Métodos para detectar a heterocedasticidade.
- 4.3.- Estimación dun modelo con heterocedasticidade.
- 4.4.- Predición no caso de heterocedasticidade

MATERIAIS:

As explicacións que o profesor ofrece na clase

Capítulo 4 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

Gujarati, D. (1997): *Econometría*. 3ª Edición. McGraw-Hill

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Traballar as prácticas de ordenador para clarificar os conceptos teóricos presentados que vamos a contrastar.

Os alumnos deberán entregar unha práctica comentada, a modo dos exemplos presentados polo profesor, nesta práctica deberán realizar estimacións novas.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

Falta de relación da teoría coa práctica e falta de claridade nos pasos a seguir a hora de enfocar e resolver o problema. Para superar esta dificultade é necesario ter claros os conceptos teóricos dos dous primeiros temas e relacionalos cos problemas presentados nas prácticas

BIBLIOGRAFÍA:

Capítulo 11 de Gujarati, D. (2004): *Econometría*. México. McGraw-Hill

Capítulo 6 de Novales, A. (1993): *Econometría*. Ed. McGraw-Hill

PARTE APLICADA

Alegre, j.; Arcarons, j.; Bolance, c.; Díaz, I. (1995): *Ejercicios y problemas de Econometría*. Barcelona: AC.

Pena, B.; Estavillo, J.; Galindo, M.E., Leceta, M.J. Zamora, M (1999) *Cien ejercicios de Econometría*. Madrid: Pirámide

TEMA 5: MULTICOLINEALIDADE E SELECCIÓN DE REGRESORES

I Incumprimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

Ultimo tema do cuadrimestre, contrástanse os problemas derivados da hipótese do modelo clásico relativas o rango da matriz X, polo que se trata do final do primeiro bloque. A súa importancia radica en que ademais da análise da multicolinealidade o alumno debe ser capaz de establecer o método de selección de regresores máis axeitado en cada caso e relacionar estes aspectos cos problemas d estimación MCO que se presentaron o longo do cuadrimestre.

TEMA 5: MULTICOLINEALIDADE E SELECCIÓN DE REGRESORES

- 5.1.- Natureza da multicolinealidade.
- 5.2.- Causas e consecuencias da multicolinealidade.
- 5.3.- Métodos para detectar a multicolinealidade.
- 5.4.- Solucións a multicolinealidade.
- 5.5.- Omisión de variables explicativas relevantes
- 5.6.- Inclusión dunha variable explicativa irrelevante.
- 5.7. Métodos de selección de regresores

MATERIAIS:

Capítulo 6 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

Como complemento pódense empregar os esquemas que o profesor presenta na clase e na web virtual. O profesor só presenta un resumo do tema, a preparación do mesmo corre a cargo do alumno a través do manual da materia.

MÉTODO DE TRABAJO ACONSELLADO:

Ler con calma o tema no manual. É un tema sinxelo e aparece explicado con moita claridade no manual

DIFICULTADES PRINCIPALES:

Os alumnos non preparan previamente a lectura do tema, o que dificulta a súa comprensión. Por outra banda as prácticas finais do tema e do cuadrimestre implican o coñecemento dos temas anteriores, polo que a necesidade de relacionar os conceptos aprendidos na primeira parte do curso constitúe a necesidade e a dificultade principal que encara o alumno.

BIBLIOGRAFÍA:

O epígrafe 9.6 do capítulo 9 de Pulido, A. (1993): *Modelos econométricos*. Ed. Pirámide. Madrid

O capítulo 10 de Gujarati D. (2004):*Econometría*. México. McGraw-Hill

PARTE APLICADA

Álvarez, N. (1999): *Aplicaciones de Econometría*. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces.

Pena, B.; Estavillo, J.; Galindo, M.E., Leceta, M.J. Zamora, M (1999) *Cien ejercicios de Econometría*. Madrid: Pirámide

TEMA 6: VARIABLES FICTICIAS E CONTRASTES DE ESTABILIDADE

I Incumplimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

O segundo bloque temático que se inicia con este tema implica necesariamente ter uns coñecementos básicos dos conceptos traballados ó longo do primeiro cuadrimestre. A importancia do tema radica na introdución do alumnado nunha nova faceta da econometría, as variables dicotómicas a que ademais das potencialidades estudadas no tema servirán de base para os temas tratados na Econometría Aplicada de 5º curso.

TEMA 6: VARIABLES FICTICIAS E CONTRASTES DE ESTABILIDADE

- 6.1. O método de variables ficticias e as súas aplicacións.
- 6.2. Aplicación a combinación de series temporais e atemporais.
- 6.3. Contrastes de homoxeneidade de parámetros.

MATERIAIS:

Capítulo 6 do libro "Econometría" de Guisán, M. C. (1997). McGraw Hill.

Como complemento pódense empregar os esquemas que o profesor presenta na clase e na web virtual

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Ler con calma o tema no manual. É un tema sinxelo e aparece explicado con moita claridade no manual

Os alumnos deberán entregar unha práctica, que incluíra o tema anterior, e que será traballada con datos reais.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

Os alumnos non preparan previamente a lectura do tema, o que dificulta a súa comprensión. É imprescindible comprender a práctica para saber cál é obxectivo dos contrastes.

BIBLIOGRAFÍA:

O capítulo 7 de Wooldridge, J. M. (2006): *Introducción a la Econometría: Un enfoque moderno*. Madrid: Paraninfo Thomson Learning

PARTE APLICADA

Álvarez, N. (1999): *Aplicaciones de Econometría*. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces.

Pena, B.; Estavillo, J.; Galindo, M.E., Leceta, M.J. Zamora, M. (1999) *Cien ejercicios de Econometría*. Madrid: Pirámide

TEMA 7: MODELOS DINÁMICOS E MODELOS ARIMA

I Incumprimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	e 4	5	6	7	8	9

Este tema que se compón de dúas partes diferenciadas, introduce ó alumno nas series temporais, metodoloxía moi empregada en predición de bolsa e análises financeiros. A parte máis densa do tema son os modelo ARIMA, metodoloxía básica na predición financeira.

TEMA 7: MODELOS DINÁMICOS E MODELOS ARIMA

- 7.1. Clases de modelos con retardos nas variables.
- 7.2. Modelos con retardos nas variables esóxenas.
- 7.3. Modelos autorregresivos.
- 7.4. Modelos ARIMA: definición e conceptos.
- 7.5. Modelos ARIMA: Fases de elaboración.

MATERIAIS:

Entregarase un esquema das parte máis técnicas, ademais das notas do profesor

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Neste tema cobran moita importancia as prácticas, dado que o seu carácter introdutorio, implica un tratamento fundamentalmente aplicado.

Os alumnos deberán entregar unha práctica comentada, na que de xeito individual traballarán con datos reais e de elaboración e búsqueda propia.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

A maior dificultade é de notación e comprensión dun concepto novo, as series temporais. Deixamos de lado a causalidade e traballase cunha soa variable o que implica un cambio de concepto da materias nos obxectivos propostos coa metodoloxía.

BIBLIOGRAFÍA:

O Capítulo 17 de Gujarati, D. (2004): *Econometría*. México. McGraw-Hill

Os capítulos 3 a 5 e 7 de Otero, J. M. (1993): *Econometría. Series temporales y predicción*.

Álvarez, N. (2001): *Econometría II: Análisis de modelos econométricos de series temporales*.

Editorial AC. Madrid

Capítulos 2, 3, 4, 6 y 8 de Uriel, E.; Peiró, A. (2000): *Introducción al análisis de series temporales*. Madrid: AC.

TEMA 8: OUTROS MODELOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

I Incumplimento das hipóteses do modelo clásico					II: Outras estimacións			
1	2	3	4	5	6	7	8	9

Neste tema abórdanse de modo esquemático unha serie de metodoloxías que o alumno pode ampliar en cursos máis avanzados. O obxectivo é dar a coñecer o alumno as posibilidades que lle ofrecen as técnicas econométricas.

TEMA 8: OUTROS MODELOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 8.1. Modelos multiecuacionais: Introducción.
- 8.2. Modelos lineais e non lineais.
- 8.3. Contrastes de especificación.
- 8.4. Análises de causalidade e cointegración.

MATERIAIS:

Entregarase un esquema das parte máis técnicas, ademais das notas do profesor

MÉTODO DE TRABALLO ACONSELLADO:

Neste tema cobran moita importancia as prácticas, dado que o seu carácter implica un tratamento fundamentalmente aplicado.

DIFICULTADES PRINCIPALES:

A maior dificultade é de notación e comprensión dun concepto novo, modelos multiecuacionais e cointegración. Implica un cambio de concepto da materias nos obxectivos propostos coa metodoloxía.

BIBLIOGRAFÍA:

Greene, W. (1998). *Análisis Económico*. Prentice-Hall Ibérica. Madrid

Pulido San Román,A; Pérez García,(2001) Modelos econométricos Madrid, Pirámide

5. ATRIBUCIÓN DE CRÉDITOS ECTS

A materia consta de 9 créditos, distribuídos a proximadamente en 60 horas de clases teóricas y 30 de clases prácticas

A clases terán una duración de 50 minutos e desenrólanse normalmente na aula 8 e na aula de Informática 1 da facultade. A explicación de cada tema do programa por parte do profesor irá precedida dunha presentación do mesmo e os obxectivos a acadar.

Os alumnos recibirán o apoio do campus virtual da USC, a través da páxina do curso na que se ven ofrecendo a programación periódica das clases, apuntes de cada tema, unha guía bibliográfica, enlaces a páxinas de interese e información acerca de actividades complementarias relacionadas coa materia da materia. A web virtual é un apoio moi importante polo que se recomenda a tódolos alumnos consultala de xeito periódico.

	Horas presenciais	Factor	Horas de traballo autónomo do alumno	
Clases teóricas	40	1,5	<u>60</u>	100
Clases prácticas	30	1,5	<u>45</u>	75
Curso virtual	5	1	<u>5</u>	10
Traballos	10	2	<u>20</u>	30
Exame	5	0	<u>5</u>	10
Revisión de exame	2	0	0	2
TOTAL	92		135	<u>227</u>

Como podes ver, esta materia esixe 150.5 horas de traballo autónomo pola túa parte ademais das horas de asistencia a las clases tanto teórico como prácticas.

6.AVALIACIÓN

Esta materia presenta dous sistemas de avaliación CONTINUA OU BEN MEDIANTE EXAME FINAL:

1º CONTINUA: consta de dúas partes diferenciadas que se avaliarán en dous parciais, un en febreiro e outro en xuño. O sistema de avaliación continua implica que o alumno, salvo causa xustificada debe de acudir e presentar uns coñecementos mínimos de cada tema nos controles ou preguntas que se establecen, así como as prácticas esixidas en cada un deles, para poder acollerse ó sistema deberá asistir como mínimo a un 80% das clases, tanto teórico como prácticas, en caso contrario non se valorará o material entregado polo alumno. En caso de non presentar os coñecementos mínimos esixidos, o alumno pasará a examinarse da materia no exame final. Isto implica que dende o mes de novembro, no que se comezarán a entregar traballos, o alumno debe de implicarse no sistema, traballando cada un dos temas esixidos. Na web virtual inclúense as datas dos controles e as prácticas a entregar polos alumnos, de modo orientativo na guía incluímos as principais prácticas a entregar. Para asistir a estes exames parciais e superar a materia deste xeito os alumnos acolleranse ós criterios de valoración que se expoñen a continuación. A entrega de temas, prácticas ou traballos non exime o alumno do exame parcial dos conceptos traballados no cuadrimestre. As prácticas son avaliación continua, polo que o dominio final da materia é o máis valorado. A nota final é unha media ponderada das distintas actividades propostas.

2º EXAMES: Esta materia presentará un exame en xuño, o cal teñen dereito tódolos alumnos matriculados na materia.

Aspecto	Criterios Factor	Instrumento	Peso
Asistencia e participación	- Participación activa na clase - Participación activa nas prácticas con E-Views. - Dominio do E-Views	Observacións e notas do profesor. Asistencias mínimas 80%	10%
Curso virtual	- Grao de participación - Calidade da participación	Valoración da participación	10%
Conceptos de la materia	Dominio de los coñecementos teóricos e prácticos de la materia.	Exames teórico prácticos O alumno deberá realizar un 80% da prácticas esixidas,	60%
Presentación das prácticas	- Estrutura do traballo. - Coñecementos demostrados. - Esfuerzo realizado. - Presentación e ortografía.	tanto en asistencia como en material entregado.	20%

RECOMENDACÓNS DE CARA A LA EVALUACIÓN:

Os principais problemas presentados en anos anteriores polos alumnos radican en:

- Non levar o día a materia, o que provoca un escaso dominio da materia, de tal forma que o alumno embarulla os conceptos. Este problema aparece fundamentalmente no primeiro cuadrimestre onde os temas son moi similares en termos de estrutura



Traballar la materia a medida que se vai explicando e realizar os exercicios presentados en cada tema.

Non relacionar os conceptos da materia



Traballar os temas individualmente e dende unha perspectiva conxunta a medida que avanza o curso, non considerar compartimentos estancos.

Notas sobre as prácticas:

- Excesiva notación matemática e falta de relación entre os temas
- Falta de claridade nas expresións, abreviaturas.



Tratar a materia como parte da formación económica do alumno, non se trata de acumular fórmula matemáticas
Relación da teoría coa práctica, non se trata de saber de memoria todas as fórmulas dos test, pero si o que se contrasta e cómo.

Falta de preparación da teoría. O traballo do alumno son dúas partes, o que se realiza na clase parte práctica, esta si está clara. Segunda parte: traballo individual do alumno preparando os conceptos teóricos e relacionados coa práctica: en xeral nulo ou escaso



Traballar os conceptos teóricos previamente ó análise práctico e a posteriori afondar coa axuda dos exercicios.

Recuperación

É importante que o alumno analice co profesor tódolos aspectos da súa avaliación (traballos, exame..) para concretar cales son os seus puntos débiles de maneira que se lle dean as instrucións precisas con vistas a recuperación da materia.
